



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
 D. José Carlos Alcalde González
 D. Jesús Alfaya Fernández
 D. Miguel Alfonso Pallarés
 D. José Nicanor Alonso Alvarez
 D. Luis Alonso Bacigalupe
 D.ª M.ª Luisa Alonso Escontrela
 D.ª M.ª Isabel Alonso García
 D. Fernando Alvarellos Vales
 D. Miguel Angel Alvarez Campos
 D. Heliodoro Alvarez Conde
 D.ª Alicia Alvarez Fernández
 D. J. Angel Alvarez Moreira
 D.ª Patricia Alvarez Vázquez
 D. Xosé Carlos Alvarez Villamarín
 D.ª Ana M.ª Ameal Guerra
 D. Jesús Andrés Iglesias
 D. Ramón Araujo Casado
 D. Pedro A. Araujo Nespereira
 D. Raul Araya Tauler
 D.ª M.ª Cristina Arias Fernández
 D. Xosé Carlos Arias Moreira
 D.ª Begoña Arnedo Montenegro
 D. Enrique Barreiro Alonso
 D. Ramón Barreiro García
 D. José Luis Barros Díaz
 D. Gustavo Bergantiño Cid
 D. Luis Bernal Conde
 D.ª Marina Blanco Feijóo
 D. Fco. Ramón Botana Ferreiro
 D.ª M.ª Isabel Bouza Alvarez
 D. Camilo Brandín Feijóo
 D. Jorge Bravo Bernárdez
 D. Enrique J. Buch Gómez
 D.ª Soledad Bugallo Petit
 D.ª M. Alicia Cachafeiro López
 D. Leopoldo José Cadaya Vidal
 D.ª Begoña Cagiao Devesa
 D. Xulio Calviño Rodríguez
 D. Luis Calvo Rodríguez
 D. Manuel Angel Candelas Colodrón
 D. Lino Pedro Canedo de la Torre
 D. José Luís Capelo Martínez
 D.ª M.ª Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Víctor Cardador González
 D. Alfonso Caride Losada
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
 D. José Manuel Casas Miras
 D. Pablo Javier Cebra Loureda
 D.ª Mercedes Cendón Falque
 D. José Chavete Rodríguez
 D. Marcos Cid Cid
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Alfonso Cid Sabucedo
 D. José Cidrás Pidre
 D. Angel Cifuentes García
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D. José M.ª Correa Otero
 D. Xosé Henrique Costas González
 D. Tony Crespo Franco
 D. Pedro Cuesta Morales
 D. José M.ª Da Rocha Alvarez
 D. Guillermo De Oca Cancela
 D. Marcos De la Fuente Ferreiro
 D.ª Julia M.ª D. De la Montaña Miguélez
 D. Javier De Vicente Remesal
 D.ª Encarnación De Miguel Villegas

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día vintecinco de maio de mil novecentos noventa e oito, ás 9.30 horas en 1ª convocatoria e ás 10.00 en 2ª, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais da Universidade de Vigo.

O día **25 de maio de 1998**, luns, ás 10.00 horas deu comezo coa asistencia dos membros sinalados na marxe, sesión extraordinaria do Claustro no Salón de Actos da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais, co obxecto de trata-lo único punto da Orde do día:

" Elección do Rector".

Intervén o Excmo. Sr. Rector en funcións, D. José Antonio Rodríguez Vázquez para comunica-lo resultado do sorteo efectuado previamente, no cal se establece que o equipo do Profesor José Antonio Rodríguez Vázquez sexa o primeiro intervinente e ocupará a mesa A, o equipo do Profesor Eusebio Corbacho Rosas actuará en segundo lugar e ocupará a mesa C, intervindo de seguido o equipo de profesor Domingo Docampo Amoedo que ocupará a mesa B.

A letra para as intervencións do resto dos claustrais é a "F". O Rector en funcións le o artigo 26 do Regulamento de Réxime interno do Claustro Universitario, quedando en adiante como Presidente da Mesa D. Antón García Fernández, Vicepresidente primeiro da mesma.

O candidato D. José Antonio Rodríguez Vázquez comeza a súa intervención ás 10:30 horas e defende o seu programa (anexo I), presentando ós membros do seu equipo e rematando a súa intervención ás 11:03.

O candidato D. Eusebio Corbacho Rosas comeza a súa intervención ás 11:05 horas. defendendo as liñas xerais do seu programa (anexo II) e o seu equipo e funcións, rematando a súa exposición (anexo III) ás 11:53 horas.

O candidato D. Domingo Docampo Amoedo comeza a súa exposición ás 11:55 horas, explicando as ideas xerais do programa presentado (anexo IV) e louvando ó seu equipo, rematando ás 12:38 h.

D. Manuel Deaño Deaño
 Dª Coral Del Rio Otero
 D. Jaime Díaz de Bustamante
 Dª Natividad Díaz Magadán
 Dª María Diéguez Gómez
 D. Domingo Docampo Amoedo
 D. José Durany Castrillo
 D. Luis Espada Recarey
 D. Miguel Angel Esparza Torres
 Dª Margarita Estévez Toranzo
 Dª Itziar Ezquieta Llamas
 D. Antón Fernández Alvarez
 D. Manuel Fernández Areal
 Dª Paula Mª Fernández Carpintero
 D. Julio Fernández Cid
 D. Manuel Fernández Cruz
 Dª Mª Dolores Fernández Ferro
 Dª Esperanza Fernández Gómez
 D. Manuel J. Fernández Iglesias
 Dª Generosa Fernández Manán
 D. Celso Fernández Silva
 Dª Mª Begoña Fernández Silvano
 D. Jesús Deibe Fernández Simo
 D. Ramón Angel Fernández Sobrino
 D. Joel Fernández Soto
 D. Emilio Manuel Fernández Suárez
 D. Fco. Javier Fraile Peláez
 D. José Antonio Fraiz Brea
 D. Rubén Frieiro Barros
 Dª Ana Gago Martínez
 D. Pedro Pablo Gallego Veigas
 D. Juan Frcó. Gálvez Gálvez
 Dª Secundina García Conde
 D. Miguel García Domínguez
 D. Antón García Fernández
 D. Guillermo García Lomba
 D. Eloy García López
 Dª Aida García Molares
 D. Manuel García Sánchez
 D. José Carlos García Valladares
 D. José Manuel García Vázquez
 D. Carlos Garrido Suárez
 Dª Ana Garriga Domínguez
 Dª Teresa Geadá Geadá
 D. José Mª Gil Villanueva
 D. Eduardo Godoy Malvar
 D. J. Santiago Gómez Fraiz
 D. Ramiro Gómez Lourido
 Dª Tegra A. Gómez Pino
 Dª Alma Mª Gómez Rodríguez
 D. Alejandro V. Gómez Soler
 D. José Luis González Cespón
 Dª Elena González Lago
 D. Daniel González Laguna
 D. Manuel González Lorenzo
 D. Pablo González Martínez
 Dª Laura González Novoa
 D. Francesco Saverio Gugliotta Bastos
 D. José Luís Guntín Galego
 D. Manuel Gutiérrez Nieto
 D. José Antonio Hernández Hermida
 D. Jesús Hernández Sánchez
 Dª Mª Yolanda Herranz Pascual
 D. Ivan Iglesias Santiago
 D. Juan Janeiro Vilaboa
 Dª Sonia Justo Justo
 D. Alfonso Lago Ferreiro
 D. Rodolfo Lago Méndez
 Dª Patricia Leal Freire
 D. Xosé Luís Legido Soto
 D. Xoán Leiceaga Baltar
 D. José Lillo Beviá
 D. Martín Llamas Nistal
 D. Juan Loeck Hernández

A continuación ábrese unha quenda de palabras anotándose 47 claustrais, e suspendese a sesión ata as 13 horas.

A continuación o Presidente da Mesa explica as normas para o desenvolvemento da sesión tal e como foran aprobadas pola Mesa do Claustro:

-A duración será, pola mañá, ata as 14.00 h., continuando ás 16 h., interrompendo a sesión, aproximadamente, ás 20.30 h. De se-lo caso, continuará o debate o día seguinte ás 10.00 h., continuando ás 16 h., interrompendo a sesión ás 20.30 h.

-A votación será o día seguinte de remata-lo debate (día 26, se remata o 25, e día 27, se remata o 26).

-O horario da votación será de 10.00 a 13.00 h.

-De non acadar ningún candidato a maioría absoluta de votos, farase unha nova votación ás 48 horas do inicio da 1ª votación (28, se a 1ª votación é o 26, e 29, se é o 27), de 10.00 a 13.00 h.

-solicitar ós candidatos que nomearan interventores para o proceso de reconto;

-que a intervención será dende unha tarima que se habilitará e ocuparse o sitio unha vez rematadas estas;

-que cada candidato disporá dun tempo de 45 minutos;

-que se dará quenda de palabra dispoñendo cada membro do Claustro de 10 minutos; ás preguntas formuladas poderán responde-los candidatos nun tempo máximo de 5 minutos cada un; réplica do interlocutor, 3 minutos e contra-réplica, 1 minuto para cada candidato.

-que no caso de que se estime oportuno, poderase facer unha 2ª quenda de intervencións, sempre que non se exceda do tempo máximo establecido para o debate; e

-que as papeletas para cada un dos candidatos sexan en papel branco.

Continúa a sesión coa intervención da profesora Esperanza Fernández Gómez que indica ó profesor Docampo Amoedo que o campus de Ourense xa está urbanizado e pregunta que titulacións proporía para este Campus. O candidato explica que isto sería a proposta dunha comisión do Claustro. Hai réplica e contrarréplica.

D. Abel López Conde
 D. Alvaro Xosé López Mira
 D. Alfonso L. López Otero
 D. Luis López Pérez
 Dª Mª Eugenia López de Silanes Vázquez
 Dª Mª del Pilar López Vidal
 D. Fernando José Lorenzo Merino
 D. José Manuel Losada Beltrán
 D. David Lubián Espinosa
 D. Benjamín Macía Fernández
 D. Federico Mallo Ferrer
 Dª Romina Maneiro Cid
 Dª Mª Belén Martín Lucas
 D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
 Dª Patricia Silva Mascuñán Tolón
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 Dª Ana Belén Méndez Fernández
 D. Gonzalo Méndez Martínez
 Dª Mª Diana Méndez Vizcaíno
 D. Pablo Menéndez García
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Carlos Mollinedo Lois
 Dª Ascensión Muñoz del Barrio
 D. Santiago Murillo Zapatero
 D. Miguel Angel Nombela Castaño
 D. Luis Ortiz Torres
 D. Xosé Luciano Otero Camiña
 Dª Mª Amparo Otero Pérez
 D. Juan M. Outes Alvarez
 D. Xosé Luis Outes Ruso
 D. Alejandro Padín Mariño
 Dª Mª Consuelo Pazo Martínez
 D. José Peleteiro Salgado
 D. Adolfo Pérez Abellás
 D. Cándido Pérez Betanzos
 D. Manuel Pérez Donsión
 D. José Enrique Pérez Fernández
 D. Javier Pérez Guerra
 D. Juan Pérez de Obanos Herrero
 Dª Nikole Pérez Mato
 Dª Mª del Sol Pérez Ogando
 Dª Mª Flor Pérez Paz
 Dª Xoana Pintos Castro
 D. José Miguel Piñeiro Barreiro
 Dª Irene Pisón Fernández
 Dª Mª Teresa Pombo Fernández
 D. José Pose Blanco
 D. Albino Prado Blanco
 D. José Carlos Prado Prado
 Dª Asunción Ramos Stolle
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 Dª Teresa Rey Barreiro
 D. Manuel Angel Rey Fraile
 D. Anxo Riádigos Saavedra
 D. Xosé Ríos Cidrás
 D. Filemón Rivas Conde
 Dª Mª Dolores Rivero Fernández
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D. José Ramón Rodríguez Besné
 D. Luis Rodríguez Ennes
 D. Gustavo Rodríguez Fuentes
 Dª Maargarita Rodríguez Holguín
 D. Luis Alfonso Rodríguez López
 Dª Antía Rodríguez Nieves
 Dª Mª Pilar Rodríguez Seoane
 D. Xoán Paulo Rodríguez Yáñez
 D. Carlos Román Lago
 D. Antonio Rotea Villanueva
 D. José Ramón Rúa Rodríguez
 D. José Óscar Rubiños López
 D. Alberto Ruíz de Samaniego García

D. Manuel Fernández Suárez fala sobre a incorporación da Universidade ó tecido social e pregunta polas bolsas de traballo na proposta de Alternativa Universitaria. O candidato Docampo Amoedo contesta que terá un impulso polo Vicerrectorado de I+D.

D. Emilio Fernández Suárez pregunta ás tres candidaturas polo papel que deben desempeña-los profesores no goberno da Universidade, distinguindo entre dous modelos, un con Administrador de Centro, Vicexerente e demais e outro sen dar pulo a estas figuras. Tamén pregunta cales das infraestructuras prometidas nos programas están xa feitas e cales estanse a realizar e pregunta sobre o CACTI.

O candidato Rodríguez Vázquez di que a dirección da Universidade fundamentalmente é tarefa do profesorado. Comprométese a continuar unha labor de formación directiva de profesores. En canto ás infraestructuras refírese ó seu programa. Sobre o CACTI resposta o profesor Tojo Suárez, que fai unha aposta polo mesmo.

O candidato Corbacho Rosas explica a distinción entre goberno e xestión, indicando que papeis están restrinxidos a profesores por lei, e apunta a necesidade dunha programación de infraestructuras que faga polos órganos de goberno. Respecto ó CACTI, amosa o apoio para a creación tamén doutros centros de servizo a outros ámbitos.

O candidato Docampo Amoedo indica o papel dos profesores, coincidindo co profesor Corbacho Rosas en que o goberno é cousa de todos, e non deslinde entre goberno e xestión. Respecto ás infraestructuras fala da ordenación no Claustro, e con respecto ó CACTI fala de potencial, ó igual que nas Bibliotecas. Non obstante indica que o CACTI xa está a funcionar, se ben precisa prestar servizos a máis investigadores. O profesor Mato de la Iglesia fala de creación de novos servizos en función da demanda.

O profesor Gallego Veigas pide a opinión dos tres equipos respecto ó modelo de biblioteca. Pregunta ó candidato Docampo sobre como deixou sen representación a algunha das sensibilidades existentes no seu Centro.

O candidato Docampo fala dos posibles modelos de biblioteca e da necesidade de acadar consenso sobre o que se implante. Tamén subliña o papel central da biblioteca na vida universitaria. Respecto ás eleccións no seu centro indica que foron libres e que os votantes exerceron a súa liberdade.

D^a Veljka Ruzicka Kenfel
 D. José Luis Sáez Ocejo
 D. Enrique J. Salgueiro Rodríguez
 D^a M^a Teresa Sampedro Portas
 D^a Elena Sánchez Trigo
 D. Rafael Sanz Domínguez
 D^a Xacqueline Seijo Alvarez
 D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro
 D^a Evangelina Sierra Bernardino
 D. Eduardo Soto García
 D^a Mercedes Suárez Pazos
 D^a Piedade Suárez Rosende
 D. Juan Carlos Surís Regueiro
 D. Javier Taboada Castro
 D. Paulo Tobío Espiño
 D. José Tojo Suárez
 D^a M^a Concepción Tojo Suárez
 D. Carlos Trigo Meira
 D^a Dolores Troncoso Durán
 D. Antonio Vaamonde Liste
 D^a Xema Zeltia Varela Rodríguez
 D. Manuel Eusebio Vázquez Alfaya
 D. José Angel Vázquez Barquero
 D. Camilo Vázquez García
 D. Fernando Antonio Vázquez Núñez
 D. José Angel Veiro García
 D. Manuel Velasco Graña
 D^a Iria Vila Alonso
 D^a M^a de las Mwecedes Vila Alonso
 D. Federico Vilas Martín
 D. Marco Villagómez Cebrián
 D. Carlos Vivas Martínez
 D^a Raquel Vizcaya López

O profesor Corbacho cede a palabra ó profesor Candelas Colodrón, que indica o papel fundamental da biblioteca e se remite ó programa, lembrando os principios de autonomía e unidade de xestión e gasto, polo que a Universidade tería que asignar unha porcentaxe fixa á biblioteca. Sobre o modelo tamén coincide coa candidatura de Alternativa Universitaria en que é preciso acadar consenso.

O candidato Rodríguez indica que é lamentable que se nomee a persoas que non están presentes.

O profesor Tojo indica que no programa presentado hai un modelo, sinalando que é o indicado pola persoa que antes fora citada, Carmen Pérez Pais. Fala de que os fondos de investigación estarían na Biblioteca Central e os de docencia estarían nos centros.

Hai réplica e o profesor Docampo di que teñen que pórse de acordo os profesores Rodríguez e Tojo respecto a citar a persoas que non están presentes.

O candidato Rodríguez fala de biblioteca central dixitalizada e se manifesta no mesmo sentido antes sinalado polo profesor Tojo.

O profesor Candelas fala de consenso e acordo como mellor que unha imposición desde enriba e se pregunta sobre se os Centros estarían dispostos a desprenderse dos seus fondos bibliográficos.

A profesora García Molares felicita ó profesor Docampo pola súa evolución ideolóxica. Opina que é demagórico falar do tema da Comisión de Conflictos e Tribunal de Garantías. Pregunta porque non se convocou un Claustro con sinaturas se o profesor Docampo conta con tantos apoios. Indica que parécelle moi loable a creación de servicios, pero opina que é moi difícil a súa posta en marcha xa que depende de presupostos asignados pola Xunta de Galicia. Sobre o traslado de Filoloxía Galega a Vigo indica que é precisa previamente a aprobación dunha nova titulación para o Campus de Pontevedra. Fai un eloxio da figura do Bolseiro de Apoio á Docencia práctica e pregunta polas consecuencias da súa eliminación. Tamén pregunta ós tres candidatos sobre cómo van solucionar-la dotación económica para as materias de libre elección.

O candidato Docampo Amoedo agrade a louvanza sobre a súa evolución. Sobre a Comisión de Conflictos indica que cando foi chamado tras tres anos de goberno púxose a disposición, pero que a Comisión nunca foi elixida no Claustro. O Claustro non foi convocado polo equipo de goberno que é ó que tiña que pedirle as convocatorias daquela. En canto ás dotacións, indica a necesidade de negociarlas. Indica que Filoloxía Galega ten que estar en Vigo, e o Campus de Pontevedra non vai deixar de funcionar por iso. E a titulación de Comunicación Social é importante para o Campus e é preciso acadala. En canto á figura de Bolseiro de Apoio á Docencia práctica, indica que ós mellores estudantes hai que concederlles bolsas de terceiro ciclo, de investigación. En canto ás dotacións das materias de libre elección, indica que habrá que dotalas.

O candidato Rodríguez indica que soamente deixou de convocarse unha vez ó Claustro e a razón foi que xa se estaba en período electoral. E dí que a Xunta de Goberno foi elixida polo Claustro. A Comisión de Conflictos tratou de sacarse para adiante por consenso e non foi posible. Tamén intentouse co Tribunal de Garantías pero algún claustral dixo que só sairía si o presidente fora él. En canto ós Bolseiros de Apoio á Docencia, a figura foi aprobada polo Claustro ese segue vai a continuar, e tamén propón bolseiros de investigación de 2º ciclo. En canto a Filoloxía Galega indica a necesidade de cumprir os acordos do Claustro. O profesor Berrocal intervén indica que a figura de Bolseiro de Apoio á Docencia práctica é tremendamente usada por algunhas áreas e trátase de formalos na carreira docente. En canto á docencia de libre elección indica que no programa figura unha reforma para que se compute no P.O.D. pero con figuras non consolidables. Lee o acta do Consello Interuniversitario de Galicia.

O profesor Corbacho resposta sobre os Bolseiros de Apoio á Docencia que teñen sentido en novos planos de estudio e que se aprobó como tal no Claustro a figura pero non o regulamento. Fala dos avatares da figura e indica que cunha mellora das condicións pode ser útil. En canto ás materias de libre elección indica que a súa proposta figura no programa, e que sería lóxico facer planificacións a longo prazo e non cambiar cada poucos anos.

O profesor Garrido Suárez diríxese ó candidato que na súa opinión ten máis credibilidade: O profesor Docampo. Pregunta polas súas propostas para a democratización do Claustro e da Universidade en xeral.

O profesor Docampo fala da participación acorde con distintas sensibilidades, e de intentar que nos Centros non haxa equipos en funcións.

O profesor Godoy Malvar pregunta ó profesor Docampo polas reformas dos novos planos de estudio, e por onde deben escomenzarse as mesmas. O profesor Docampo relativiza o fracaso da primeira reforma, dado que contén boas ideas. Indica que hai que facer exercicios de autocrítica. Suliña o problema de que os cadros de persoal docente dependan dos planos de estudio. Tamén indica que hai que permitir a libre configuración do curriculum.

O Sr. Janeiro Vilaboa pregunta a Docampo pola proposta de eliminalos Vicerrectores de Profesorado, e quen vai a contrarrestar as equivocadas políticas que poden ter Direccións de Departamentos e si os PAS van a definir a política de contratación. Fala da falla de cátedras e pregunta si non sería mellor unificar os Vicerrectorados. Tamén pregunta ós tres candidatos sobre a calidade da docencia e o papel das enquisas docentes, e qué pensan facer respecto da oficiña do Voluntariado. A Docampo de novo pregúntalle sobre a contratación da Xerencia e sobre os Consellos de Campus. Asemade pregunta polas fosas sépticas da Facultade de Ciencias de Vigo.

O profesor Docampo explica o papel dos Vicerrectorados de Profesorado e cal é o papel do Persoal de Administración na contratación do profesorado, puramente técnica que tramitará as prazas que determinen os órganos de goberno competentes. Fala da avaliación curricular, proponendo a realización de experiencias piloto que poidan logo permear a tódala Universidade e que deben ser debatidas no Claustro. Explica que non hai Xerente na candidatura, xa que non é membro do equipo. Pretende non precisar persoa de confianza na que delegar, sinon presidir como Rector os Consellos de Campus. Os concursos de profesorado están perfectamente lexislados. En canto á Oficiña do Voluntariado, indica que o problema está a piques de desaparecer, pero que debe cumprir unha labor social. O profesor Mato intervén tamén ó respecto da fosa séptica da Facultade de Ciencias de Vigo.

O profesor Corbacho explica as normas dos concursos a prazas de profesor numerario e os

cambios previstos na lexislación. Tamén explica o procedemento das outras prazas nas que hai delegación nas propias áreas. Coa experiencia acumulada, a Comisión de Docencia estaría en disposición de matizar as horquillas, aínda que matiza que deben ser as áreas as que deben decidir. Canto á avaliación curricular os Centros ó estableceren os planos de estudos deben tomar decisións. Indica que coñece mellor a fosa séptica da Escola de Telecomunicacións, pero que o problema é global e debe ter unha solución global que está prevista. O profesor Santos intervén ó respecto da Oficiña do Voluntariado, que se pretende potenciar ó máximo.

O profesor Rodríguez fala da mellora de calidade da docencia, e que en seis meses presentará un proxecto de avaliación curricular. En canto ó Voluntariado, remítese ó programa. Propón a creación dun Consello de Estudiantes. Lamenta a ignorancia sobre as fosas sépticas da Facultade de Ciencias de Vigo, que non existía e era un pozo e a Universidade tivo que afrontar a súa construción. As obras de saneamento integral do Campus están a piques de sair a concurso pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. O candidato a Vicerrector de Estudiantes presenta un programa de calidade.

Intervén en réplica o Sr. Janeiro para indicar que a Oficiña do Voluntariado non está só para a prestación social substitutoria. Respóstanlle os profesores Docampo e Corbacho.

O profesor Leiceaga fai unha reflexión sobre os catro anos pasados. Indica que a institución está falta de proxecto, hai falla de consenso na unión de vontades, o Claustro non se convoca, pásase o rodillo en Xunta de Goberno, hai clientelismo, sectarismo. Comenta os problemas xurdidos para aceptar a presidencia de FEUGA e comenta unha noticia aparecida na prensa na que o daquela Rector profesor Rodríguez indica unha serie de consideracións que lle obrigan a facer as seguintes preguntas ó candidato Rodríguez indicando que non quere entrar en consideracións persoais: ¿Considera unha perda de tempo someter ó Claustro a programación plurianual? ¿Considera que a oposición é falsaria? Pídelle tamén que critique cales foron as barbaridades do plano presentado polo equipo do profesor Espada, e pregunta si as campañas de captación de votos foron de ideas ou de outro tipo de intereses.

O profesor Rodríguez fai unha acusación de demagogia. E dí que o profesor Leiceaga estivo dous anos no Centro de Deseño do Ferrol co visto bó do Rectorado. Indica que nas comisións están representados todos. Tamén fala das axudas de investigación e das asociacións de estudantes. A Universidade non está na UVI. En canto á programación plurianual, indica que foi emplazado a presentala e que foi aprobada polo Claustro. En canto ó plano de ordenación indica que foi unha modificación do anterior presentado polo equipo do profesor Espada e estivo sometido a exposición. Fala do talude da Facultade de Ciencias de Vigo e da propia ubicación da devandita Facultade. Tamén suliña que a Universidade de Vigo participa na CRUE e na CRE. entre outras.

O profesor Docampo non intervén e o profesor Corbacho indica que interesa un debate sobre ideas de futuro.

O profesor Leiceaga pregunta de novo si se axusta a noticia ó manifestado polo profesor Rodríguez. Este resposta que o profesor Leiceaga personaliza.

O profesor Federico Mallo valora como pintoresco o programa electoral da candidatura de Alternativa Universitaria, cunha biblioteca non definida, falta o CACTI, hai mala información sobre

o Voluntariado. Opina que obviedades como “cumprir os Estatutos” non aportan nada. Critica a idea de Vicerrektorado - negociado. Indica que hai falla de política presupostaria, delegación nun Xerente suprapotencial. Tamén se amosa en desacordo coa eliminación dos bolseiros de apoio á docencia práctica e a potenciación de terceiro ciclo que semella non cadrar co establecemento do mesmo como docente. Pregunta sobre o mantemento do reparto de produción científica e os criterios de reparto ó profesor Mato de la Iglesia. Pregunta tamén ós tres candidatos qué entenden por fracaso escolar.

O profesor Docampo deslinda o que é política universitaria do que é a xestión. Indica que os P.O.D. aínda non chegaron, porque os están a facer profesores. Explica o deslinde dos Vicerrektorados e as misións do Xerente. Tamén suliña que a figura dos B.A.D. actuais queda clara na expresión “por catro duros a quen se vai a poder contratar”. Defende que o terceiro ciclo é un programa docente, aínda que sexa para formar investigadores. O profesor Rocha intervén por alusións feitas sobre un e-mail enviado por él e indica que gustaríalle que se puidese usar o correo electrónico libremente na Universidade. Indica qué debe e non debe valorarse ó seu xuízo na produción científica na súa área de coñecemento e propón, por exemplo, que non se valore a asistencia a Congresos. O profesor Mato indica que se propoñen modificacións de xeito de avaliación para que estean máis axustados cos criterios xerais existentes en cada área de coñecemento.

O profesor Rodríguez cede a palabra ó profesor Berrocal por alusións. Este indica que os P.O.D. non están feitos porque hai que esperar a que a Xunta de Goberno aprrobe as materias optativas e de libre elección e indica que o anterior ano por estas datas aínda non estaban feitos. O profesor Tojo intervén para manifestar que na súa opinión o terceiro ciclo debe estar no ámbito da investigación e explica os criterios que se empregan para a avaliación da produción científica. O profesor Rodríguez indica que moitas veces se lle indicou que non cumprira Estatutos, pero que isto era similar ó caso da muller adúltera, que fora acusada por xente que tampouco estaba libre de culpa.

O profesor Corbacho indica que o terceiro ciclo segundo o regulamento está en investigación pero que según a lei e os Estatutos non está necesariamente en ningún dos eidos. Indica que será necesario reformular o regulamento. Sobre o fracaso escolar indica que hai moitas manifestacións do mesmo, e amosa a súa preocupación polo tema.

O profesor Mallo pide ó profesor Docampo unha definición do papel do Xerente, ó profesor Rocha indícalle que deba ter presentado mellor como proposta non contabilizar na produción científica a asistencia a Congresos e non a que fixo. Pídelle ós tres candidatos unha resposta sobre o tema do fracaso escolar. O profesor Docampo pídelle que explique a proposta de conceder títulos sin acadar a finalización dos estudos. O profesor Docampo explica o previsto nos Estatutos sobre a Xerencia. O profesor Rodríguez fala do fracaso escolar e da procura dun contrato para a mellora da docencia, suliñando os resultados do estudio publicado polo profesor Outes e outros. O profesor Corbacho indica que o ano pasado o 9 de xuño estaba o concurso de contratación de profesorado sacado, e que si o presente curso se acadaba eso, que efectivamente estaríamos mellor que o ano anterior.

O alumno Martínez Cacharrón pregunta ós tres candidatos, indicando que na programación plurianual propoñíase chegar a ter en residencias praza para o 9% do alumnado, e que só se chega en Vigo ó 2%, cáles son as propostas.

O profesor Corbacho fala da construción de Colexios Maiores máis que Residencias dado que ofrecen maiores posibilidades culturais.

O profesor Docampo cede a palabra ó profesor Cid que fala da importancia de posuir residencias propias ou a medias con outras institucións. Fala do control das empresas privadas para que non saian da normalidade.

O profesor Rodríguez recalca a importancia da convivencia no ambiente dunha Residencia ou Colexio Maior, que diminúe ata un 15% o fracaso escolar. Fala dos concertos xa existentes e dos convenios coas asociacións de hosteleiros.

O profesor Membiela fala dos déficits do Campus de Ourense non resoltos. Por qué se fan declaracións públicas por parte do equipo que son pouco realistas e non se cumpren? Fala de acadar propostas consensuadas en infraestructuras e titulacións, e sulíña que o que figura na programación plurianual é distinto do que aprobou o Consello de Campus. Explica as razóns para o seu rexeitamento á existencia dun Vicerrector de Campus, e propón a revitalización do Consello de Campus e o potenciamento dos Campus. Pregunta ó profesor Docampo cal vai a ser a súa política en relación co campus e especialmente co Consello de Campus.

O profesor Docampo explica o papel que debe xogar o Consello de Campus e propón que sexa o Rector quen o presida, e convocalo coa asiduidade precisa.

O profesor Rodríguez intervén por alusións e indica que en canto a titulacións, non lle corresponde ó Rector concedelas, e insiste no papel do Consello Interuniversitario de Galicia.

O profesor Corbacho matiza o que é o Consello de Campus que é preciso dinamizar e o distingue claramente da figura de Vicerrector de Campus, que rexeita, ofrecendo a presenza temporal dos Vicerrectores nos Campus.

O profesor Outes Ruso pregunta ó profesor Docampo pola situación da titulación de Dereito Económico en Vigo. Pregunta si a figura de Vicerrector é compatible con ser conselleiro-delegado dunha empresa como é o profesor Merino. Pregunta si é correcto levar no equipo a quen organizou un boicot a autoridades. Opina que non é posible prescindir da figura de Vicerrector de Asuntos Económicos, preguntando quen vai a deseñar a política económica. Tamén pregunta polo Xerente. Pregunta ós tres candidatos polos planos de estudio que valora como desastrosos e sobre cómo se van a arranxar. Indica que ten gran estima persoal ó profesor Docampo, pero fala duns panfletos insultantes dos que sabe que él non ten nada que ver e espera que se distancie dos autores.

O profesor Docampo fala de atopar puntos de encontro e non de desencontro, indicando que traballará polas posturas de consenso. Sobre a ubicación de Dereito indica que a Sección Delegada estará no edificio de Ciencias Económicas e Empresariais, se ben indica que o edificio previsto é insuficiente e claramente mellorable, tendo contraído compromiso de melloralo. Respecto ó profesor Cid, prega que non conteste e indica que non era Vicerrector de Universidade, pedindo que sexa xulgado polos feitos que como tal faga. Indica tamén que non fai falla Vicerrector específico para Asuntos Económicos e que se hai figuras de desenvolvemento como o Vicerrectorado de Planificación na súa proposta. Asemade indica que a política económica é cuestión de todo o equipo de goberno. En canto ó Xerente, indica que a institución debe contratar por un tempo como Xerente a un profesional con contrato de alta dirección e tempo prefixado. Sobre panfletos indica que xa os houbo antes das eleccións anteriores e non viñan precisamente da candidatura perdedora. Está de acordo en que xente dese gusto non debe ser a que guíe. Sobre planos de estudos fala de cambios no sistema global de financiamento.

O profesor Merino explica a súa vinculación co AIMEN, non vendo incompatibilidade coa función que alí desenvolve. O profesor Rodríguez intervén ó respecto dos planos de estudio. Xa manifestou o seu proxecto e remítese o dito.

O profesor Berrocal indica que o novo Decreto concede a oportunidade ideal para a reconsideración da elaboración dos planos de estudio. Propón a creación dunha Comisión do Claustro que elabore un libro branco sobre o tema.

O profesor Corbacho indica que hai dos xeitos de aborda-la mellora dos planos de estudos. O primeiro é o cumprimento dos Estatutos. Cando se pide unha titulación é preciso avalia-los custos e presentar un plano de estudos. En segundo lugar pode aplicarse a normativa aprobada na Xunta de Goberno, se ben haberá que modificala de acordo do Decreto que ven de aprobarse, e poden mellorarse as devanditas normas.

O profesor Outes pregunta ó profesor Docampo onde se vai a construí-lo edificio de Dereito Económico, se na rúa Lalín ou no Campus. Tamén pregunta quen vai decidi-los orzamentos e a planificación.

O profesor Docampo indica que o edificio se vai construír no Campus, e que a política económica a decidirá o equipo segundo os Estatutos, con especial referencia ó Vicerrector de Planificación.

D. Cándido Pérez Betanzos intervén sobre a dinamización e participación da que falan os tres candidatos, e indica que nalgúns está por comprobar, en outro xa está confirmado que utilizaron o voto de calidade para non convocar Claustro. Tamén falta por decidi-las Comisións estables, preguntando cando presentarán propostas ó respecto. Tamén pregunta polo modelo de xestión da candidatura encabezada polo profesor Rodríguez, e cal é a razón de recorre-la sentencia sobre atribucións ó Vicerrector de Economía de funcións do Xerente e sobre a minuta que pasará o presidente da Asociación de Amigos da Universidade de Vigo por face-lo recurso. Indica que o proxecto de Renovación Universitaria deixa indefinido o tema de xestión, o de Alternativa amosa respecto ó P.A.S. Indica a súa desconformidade cos retrasos dos orzamentos cada ano, prorrogando presupostos, a liberación de remanentes superiores ó 10% que son repartidos apartados da mirada e do control do Claustro. Critica a falla de estabilidade no Persoal de Administración e Servicios que indica é superior ó 40% e fala dos prazos para a RPT de persoal funcionario e laboral.

O profesor Rodríguez indica que no prazo máximo de 6 meses fará tódalas propostas. Indica que un equipo non se controla en rogos e preguntas. En canto á invasión de competencias indica que se recorre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia baseándose no artigo 170 e 53 dos Estatutos, e que non se tiran os cartos.

O Xerente en funcións fai unha xustificación da actividade que desenvolve.

O profesor Corbacho indica que non ve necesario que as Comisións do Claustro sexan todas estables, e propón que sexan comisións conxunturais para a programación plurianual ou para a avaliación docente e investigadora entre outras. A ambigüidade subliñada radica na Comisión de Organización de Organización e Servicios, que non se propón do Claustro senón da Universidade.

O profesor Docampo refírese ó programa. As comisións crearanse non necesariamente con carácter estable, no menor tempo posible.

Intervén o Sr. Pérez Betanzos para indicar que o candidato Rodríguez non respondeu e agradece--las respostas dos profesores Docampo e Corbacho.

O profesor Rodríguez indica que se vai cumpri-la sentencia, e pregunta porqué non se fala de

persecución ó Sr. Xerente cando incluso foi acusado inxustamente de acoso sexual.

O Xerente pide intervir, pero a Mesa estima que non houbo alusións persoais do interpelante.

O profesor Piñeiro Barreiro indica que o Claustro é o máximo órgano de goberno, defendendo a democratización do mesmo e preguntando ós tres candidatos que comisións crearían inmediatamente e pedindo un compromiso de favorece-la pluralidade.

O profesor Docampo Amoedo expón o seu desexo de que exista pluralidade nas distintas comisións e se remite o xa dito.

O profesor Rodríguez Vázquez afirma que a de Vigo é a Universidade que ten mellores relacións coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e explica cales comisións crearía.

O profesor Corbacho remítese as súas intervencións sobre cales comisións crearía e indica que a súa proposta é que sexan plurais.

O profesor Pose Blanco, seguinte interpelante e ante o avanzado da hora pide que a súa intervención teña lugar ó día seguinte, polo que se pospón.

O profesor Pose Blanco, primeiro intervinde do día 26 de maio de 1998, acusa ó profesor Docampo de ignorancia en temas de xestión, planificación, organización e control. Opina que os Estatutos teñen moitos artigos ilegais. Pide que lle sexa explicado qué é o remanente de tesourería e fai numerosas preguntas ó equipo do profesor Docampo, incluíndo a súa opinión manifestada de que non se pode presenta-lo orzamento en novembro ó Claustro.

O profesor Docampo fai consta-lo seu aprecio pola capacidade de traballo e entrega do ata agora Vicerrector de Economía. Bota en falla máis información, especialmente ó Claustro. Está de acordo en que máxima autoridade é o Rector. Discrepa sobre a ilegalidade dos Estatutos, aínda que manifesta a existencia de contradicións, indicando que no futuro podería abordarse a súa reforma cando sexa precisa a revisión a que obrigará o cambio na lei. En canto a concrecións, ofrece facelas entre todos os órganos de goberno.

O profesor Merino explica a súa visión sobre a transferencia de tecnoloxía.

O profesor Rocha intervén sobre os orzamentos, indicando o estreito marxe que deixa o sistema de financiamento actual.

O profesor Pose pregunta de novo, e o profesor Docampo explica a súa visión sobre o papel que debe cumpri-lo Claustro.

O profesor Reigosa renuncia a preguntar xa que a pregunta sobre a potenciación do CACTI realizada ó equipo do profesor Docampo xa fora contestada satisfactoriamente.

O profesor Rey Fraile valora os tres programas, considerando ó do profesor Docampo como de desmantelamento. Fai varias preguntas sobre a proposta de Vicerrectorados de Alternativa Universitaria, e pregunta sobre a non elección como claustral dun profesor de Telecomunicacións.

O profesor Docampo explica que non hai desmantelamento senón cambio de organización e esténdese sobre investigación e desenvolvemento. Tamén fala das accións de apoio á investigación. Indica que debe consultarse máis cos distintos órganos de goberno e consensuá-las medidas con diálogo previo.

O profesor Rey fai varias preguntas sobre investigación, que son respondidas polo profesor Mato.

O profesor Rodríguez solicita a palabra por alusións ó Vicerrector de Investigación, o que non se concede por ser criterio unánime da Mesa non concedela se non hai alusións directas sendo citados polo nome ou os apelidos. Solicita que conste en acta a súa protesta.

Intervén o profesor Corbacho para indicar que o seu programa foi aludido.

A Mesa acorda por unanimidade conceder tres minutos ás candidaturas lideradas polos profesores Corbacho e Rodríguez.

Intervén o profesor Corbacho para rexeitar que o seu programa sexa difuso.

O profesor Tojo indica que o profesor Docampo foi convocado polo Vicerrector de Investigación como Director de Departamento e aclara a cuestión da convocatoria de axudas á investigación pola que se preguntara.

O Sr. Ríos Cidrás indica que os alumnos teñen que negociar os temas de transporte, taxas e pregunta cuestións da programación plurianual, bolsas e calidade da docencia ó profesor Rodríguez.

O profesor Rodríguez indica que no Consello Municipal de Transportes hai dous representantes da Universidade. Estase a face-lo planeamento e hai unha subvención da Universidade para o transporte. Cando foi a protesta pola suba das taxas o Rector estaba de viaxe pero os membros do equipo apoian o tema. En canto á programación plurianual, foi aprobada polo Claustro e rexeitada polo Consello Social. A política de bolsas está recollida no programa e sobre a calidade da docencia, remítese a intervencións anteriores.

O Sr. Ríos Cidrás reitera que o representante do Rectorado non acude ás xuntanzas do Consello Municipal de Transporte.

A profesora Rodríguez Seoane pregunta ás tres candidaturas sobre a creación da Facultade de Química.

O profesor Rodríguez amósase partidario de deixala na Facultade de Ciencias como ata agora. O profesor Corbacho tamén, e o profesor Docampo subliña o funcionamento das Xuntas de Titulación previstas nos Estatutos.

O Sr. Rotea Villanueva amósase en desacordo coa entrega a última hora dalgún programa. Pide un posicionamento sobre a sentenza arriba citada, sobre o modelo de xestión e solicita que se despolitice a figura do Xerente.

O profesor Docampo manifesta o seu acordo co fondo da sentenza e responde as preguntas.

O profesor Rodríguez amósase en desacordo coa sentenza baseándose nos Estatutos.

Intervén o Xerente en funcións para explica-lo papel do Xerente na candidatura.

O profesor Corbacho indica que o presuposto é preparado por un equipo e executado polo Xerente. Explica as súas ideas sobre o papel do Xerente. Sobre a sentenza indica que ten maior razón moral que fundamento técnico. Indica tamén as misións previstas para o Vicerrector de Planificación e Infraestructuras.

O Sr. Rotea Villanueva mostra o seu desacordo co posible nomeamento dunha persoa do grupo A que xa estea na Universidade e pregunta a Corbacho quen sería o elixido.

O profesor Corbacho explica o papel do Xerente e indica que a persoa sería indiferente sempre que fora eficaz, ata que fora completada a reestructuración proposta en que buscaría un Xerente fora da Universidade.

O Xerente en funcións manifesta que o Xerente debe facer políticas.

O profesor Rubiños López renuncia a preguntar.

O Sr. Soto García non se atopa na sala.

O profesor Surís Regueiro indica que hai escritos sen resposta por parte do Rectorado enviados polo Decanato e maila Facultade de CC. Económicas e Empresarias sobre a terceira fase do edificio. Isto incluso provocou a protesta unánime da Xunta de Facultade que tampouco foi respostada. Finalmente o concurso das devanditas obras apareceu no DOG. Se non hai sectarismo, ¿este é o trato que se lle deu a todo o mundo? Pregunta ás tres candidaturas qué teñen pensado para a terceira fase do edificio e sobre o uso de medios informáticos nas Facultades, que precisan persoal.

O profesor Rodríguez ten por norma contesta-los escritos que se lle dirixen persoalmente. Fala das insuficiencias presupostarias para o edificio na terceira fase e edificio de Dereito e precisa o que inclúen as obras, especificando que non hai despachos para Económicas.

O profesor Tojo amósase de acordo coa dotación de persoal fixo para as aulas informáticas dos Centros, que serían de libre acceso e con tódolos servicios.

O profesor Corbacho manifesta que hai que informar. Sobre as Aulas Informáticas indica que deben dotarse uns módulos por centro con equipamento e que haxa persoal de Servicios Informáticos.

O profesor Docampo indica que nunca tería que producirse esa tardanza en chega-la información.

O profesor Surís reitera que non se recibiu información e que non figuran as necesidades da Facultade entre as obras propostas no programa electoral do profesor Rodríguez.

O profesor Rodríguez manifesta que houbo moitas xuntanzas e nega as acusacións de sectarismo e clientelismo. Tamén manifesta a súa disposición a que se fagan as obras necesarias na Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias a que aludiu o profesor Surís e que foron desgaxadas do proxecto inicial. O profesor Surís roga conste en acta o compromiso contraído polo candidato.

O profesor Taboada Castro pregunta ós tres candidatos se consideran prioritario dota-las titulacións que levan pouco tempo funcionando ou pór en marcha novas titulacións, e por accións concretas sobre a titulación de Minas e se vai ser un centro novo independente.

O profesor Docampo indica que as dotacións das titulacións xoves teñen que facerse pero que non son obxectivos contrapostos, e manifestase a favor da creación da nova Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Minas.

O profesor Rodríguez suliña o esforzo que se fixo para dotar tódalas titulacións non sendo Minas unha excepción. Manifesta o seu desacordo co plano de estudos que afirma non corresponde cunha Escola moderna de Minas. Indica a súa firme decisión de consolida-las titulacións existentes para logo abrir novas titulacións. Indica que hai un compromiso no programa da creación da Escola e que hai que complementala coa Escola Técnica de Explotación de Minas. Tamén di que xa hai obras en tramitación.

O profesor Corbacho di que primeiro hai que consolida-lo que temos, pero as veces hai que crear titulacións que complementen as existentes. Indica que para o desenvolvemento definitivo dunha titulación como Minas é preciso crear un centro específico, o que non vai ligado necesariamente a edificio.

O profesor Taboada Castro agradece os compromisos e espera sexan cumpridos.

O Sr. Tobío Espiño fai preguntas en representación de Filoloxía Galega. A Rodríguez preguntalle se o traslado a Vigo depende necesariamente da creación dunha nova titulación en Pontevedra, e que foi o que o Rector fixo ó respecto. Fala de deixadez e falsas promesas. Pregunta ó profesor Corbacho sobre o papel que xogou e qué medidas concretas propón. Tamén pregunta se a creación da Facultade de Tradución e Interpretación non depende do edificio. Asemade pregunta ás tres candidaturas para cando pensan elixi-lo Tribunal de Garantías e sobre medidas para fomenta-lo papel da muller na sociedade.

Sobre Filoloxía Galega o candidato Rodríguez da a palabra ó profesor Berrocal o cal indica o que foi aprobado na programación plurianual e o que se aprobou en Xunta de Goberno, estando o traslado que será o máis axiña posible en canto haxa una titulación -menciona Ciencias da Actividade Física e do Deporte- pero que non hai condicionamento para que o traslado se produza. Non obstante, o acordo do Consello Interuniversitario de Galicia no permite move-la titulación ata que exista unha terceira titulación superior no Campus de Pontevedra. Tamén suliña que a titulación de Filoloxía Galega está adscrita á Facultade de Humanidades de Vigo. Sobre o Tribunal de Garantías o profesor Rodríguez indica que non houbo quórum cando algúns candidatos autopropostos foron rexeitados por non te-la condición de xuristas. Sobre a muller indica que se fará o posible para que poidan acceder a cátedras e cargos, e fala da posta en marcha da cátedra de feminismo.

O profesor Corbacho indica que defenderon que non estivera ligado o traslado a outras titulacións, entendendo que debía estar xunto co resto das titulacións de filoloxía, aínda que xuridicamente pode haber algún problema. Desde o punto de vista de que as clases se impartan en Vigo, apunta que podería haber solucións imaxinativas. De feito algunhas clases xa se están a impartir

en Vigo. Habería que ver o POD, a dispoñibilidade de aulas, etc. Traducción debería ser un centro separado porque é algo distinto, como o son as ciencias das tecnoloxías. En canto a muller, reivindica a igualdade e sulíña que é o equipo con máis presenza feminina.

O profesor Docampo manifesta que Filoloxía Galega non pode seguir así, e garante que en Outubro estará en Vigo, previa negociación. Caso de que non se aceptara, propón recorrer a subterfuxios se é preciso. Indica que o novo equipo decanal da Facultade de Humanidades tería que facer xa a programación. En canto ó papel da muller entende que na Universidade de Vigo non son precisas medidas de discriminación positiva, xa que están nun plano de igualdade. En canto ó Tribunal de Garantías indica que o primeiro intento real de achegamento de posturas fíxose hai un ano, e houbo unha segunda proposta. Propón levalo á primeira sesión do Claustro despois da elección de Rector.

O Sr. Tobío Espiño indica ó candidato Rodríguez que tivo pouca insistencia e exceso de conversas, e que teme que seguirán en Pontevedra se sae reelixido. O profesor Rodríguez indica que non recorrera a truco algún, e que o Rector non pode asinar Decretos e que as promesas que fai teñen as reservas pertinentes. Indica que non caerá en ilegalidades, que loitará polo traslado pero que non depende do Rector.

A profesora Tojo Suárez indica ó profesor Docampo que hai cousas que non están na súa man. Fala do edificio de Ciencias e pregunta sobre a proposta de valoración do coñecemento do galego nos concursos de profesorado, preguntando que porcentaxe daría ó galego e como valoraría o coñecemento do inglés ou alemán. Indica que pensa que ten as mans atadas polos nacionalistas polos que expresa a súa simpatía aínda que indica que o seu foro é o Parlamento galego. Pregunta pola autonomía, e ó profesor Rocha como pensa mellorar a xestión económica.

O profesor Rocha explica que Universidades que están preto da nosa reduciron os tempos de pago ós provedores ata 15 días. Explica cómo poden facerse os adiantos, especialmente en proxectos de investigación e a dispoñibilidade de programas informáticos que poden contribuír á axilidade da xestión. Tamén subliña a importancia de poder ter un mais actualizado coñecemento do estado dos gastos non só para a execución mais rápida senón para un mellor uso dos orzamentos, o que se pode facer inmediatamente.

O profesor Mato intervén ó respecto das dotacións de bolsas asimilables a FPI. Sobre a ampliación do edificio de Ciencias fala de xestionar a execución da obra.

O profesor Docampo indica que imparte clases en galego e en castelán, e estima que é lóxico que sexa valorado o coñecemento en Galicia cando se trata de dar clases en Galicia, e que loxicamente o coñecemento do inglés tamén se valora pola necesidade profesional que hai do devandito coñecemento.

O profesor Tojo intervén para indicar que a Universidade de Vigo adianta os cartos nos proxectos.

O Xerente en funcións indica que se está a estudar a redución de trámites nos pagos, dos 14 pagos actuais á 7. En canto á mellora indica que no programa figura comezar pola Oficina I+D e logo seguir no resto da Universidade esa redución e axilización. Os proxectos tramitaríanse a través da Oficina que sería tamén oficina de xestión. Tamén se vai facer tesourería única de proxectos en cinco

grupos de investigación (como experiencia piloto), nos que se podería dispoñer de inmediato dos cartos. Se sae ben a experiencia, estenderase ó resto dos grupos.

O profesor Rodríguez manifesta que sempre defendeu a autonomía universitaria.

O profesor Corbacho indica que a autonomía universitaria é irrenunciable e que está recollida nas leis.

A profesora Tojo pregunta ó candidato Docampo sobre a súa opinión da autonomía e se non vai estar mediatizada pola adscripción política dos membros do equipo e sobre o artigo 257 dos Estatutos.

O profesor Docampo indica que a autonomía non se pon en cuestión polas súas adscripcións políticas ou relixiosas, sexuais ou de todo tipo dos membros da comunidade universitaria, e que de feito el non preguntou a ninguén polas súas adscripcións individuais. O que él preguntou ós membros do seu equipo foi por cuestións universitarias. E de novo maniféstase a favor da valoración do coñecemento do galego.

O Sr. Velasco Graña fai un chamamento para a participación das minorías, subliñando que a composición da Mesa do Claustro non segue eses criterios.

O profesor Docampo fai un chamamento contra as actitudes de impedimento de participación das minorías.

O profesor Rodríguez lamenta que o grupo Unidade do PAS non estea nin na Comisión Electoral nin na Mesa do Claustro, e indica que pasouse o rodete, polo que caen pola súa base as críticas ó actual equipo de goberno. De saír reelixido comprométese a facer unha proposta ó Claustro para modifica-los Estatutos no senso de que as minorías sexan representadas.

O profesor Corbacho indica que non sería preciso modifica-los Estatutos, e en todo caso afirma que non é doado atopar unha porcentaxe máxima de votos que non produza distorsións nun senso ou outro, e polo tanto o que fai é un chamamento para acada-la participación das minorías, e que xa intentou que o profesor Docampo influíse nese sentido na elección da Mesa do Claustro e Comisión Electoral; fai unha prospección de futuro, con especial fincapé na elección da Xunta de Goberno.

O profesor Docampo indica que a súa candidatura foi lanzada por un grupo amplo de profesores.

O profesor Vilas Martín diríxese ós candidatos Corbacho e Docampo, pedindo que se chegan ó Rectorado non sufran o “síndrome de Adán” e constrúan sobre o bo que xa hai, e que o fagan cos Estatutos na man e revitalizando o Claustro como órgano máximo da Universidade de Vigo. Pregunta sobre se ven necesario modifica-los Estatutos e se serían afectados os artigos que fan referencia ó Claustro.

O profesor Corbacho afirma que é perfectamente posible gobernar cos actuais Estatutos, cun Claustro traballando en Comisións, aínda que quizáis con ese Claustro activo se chegue á conclusión de que hai que modificar algún artigo dos Estatutos. O papel do Claustro está claro na LRU e nos Estatutos, e que está de acordo en que é razoable. Habería que resolve-lo tema do regulamento do

Claustro, entre outras cousas se o Claustro ten 250 ou 251 claustrais.

O profesor Docampo indica que participou na elaboración dos Estatutos e coincide en que cómpre facer un esforzo por cumprilos. Fala da constitución de diversas comisións e en canto a cambios nos Estatutos indica que seguramente terían que cambiar moi poucos puntos, e que podería aproveitarse a modificación que seguramente terá que facerse para acada-lo axeitamento á leis xerais que están en proceso de cambio, pero que nunca proporía cambios no papel do Claustro. Coincide co profesor Corbacho na necesidade e oportunidade de cambia-lo Regulamento do Claustro.

Tras esta intervención suspéndese a sesión, que se reanuda ás 16.10 horas. O Presidente comunica o acordo da Mesa sobre a finalización da sesión, indicando que si as 20:30 non se rematou, pararase o reloxo.

O Sr. Alfaya Fernández pregunta ós tres candidatos sobre fracaso escolar e avaliación curricular. Ó profesor Docampo sobre os alumnos no seu programa e sobre servizos. Tamén sobre Delegacións de Alumnos e polas facultades dos chamados gabinetes e como reduci-la burocracia, preguntando se os hábitos clientelares denunciados son propios do Persoal Docente e Investigador.

O profesor Corbacho propón a creación dunha Comisión do Claustro para o estudo do fracaso escolar, incidindo en cómo atalla-los problema e repite o xa explicado.

O profesor Docampo sobre se o fracaso escolar é debido ós docentes indica que hai múltiples factores, comezando polos planos de estudos, formación dos docentes, avaliación curricular e fala de establecer un debate sereno. Hai propostas concretas feitas. En canto ós alumnos indica que están en case que todo o seu programa, desde infraestructuras ata transportes. En canto ás Delegacións, non aposta por ningún modelo en particular, están recollidas en Estatutos e non presentan problemas. Se subliña o problema da baixa participación dos estudantes nas eleccións, e que existen múltiples canles para a participación e que son bos. Explica o significado dos gabinetes de goberno, nos que se xuntan varios Vicerrectores e os gabinetes de xestión. Fala de cargos que están reservados ós profesores e de que a maior parte dos cargos son profesores.

O profesor Rodríguez cede a palabra ó profesor Pou Saracho que explica as medidas propostas para solventa-lo fracaso escolar. Contémplase ós estudantes como a razón de ser da Universidade. Fala da información ós alumnos, de facer automatrícula con tarxeta magnética, da solidariedade dos alumnos co terceiro mundo e con Latinoamérica, de facer traballo en Comisión do Claustro e de empezar por Centros concretos. Tamén indica que non teñen nada que esconder.

O Sr. Alfaya Fernández pregunta ó profesor Docampo pola ausencia das Delegacións no seu programa. Indica que a Xerencia vai ter hábitos clientelistas e centralistas. Pregunta pola comparación con Panamá feita polo profesor Rocha se dicir que non fai falta facer política quer dicir que se está de acordo coa política da Xunta de Galicia.

O profesor Docampo indica que o interese é por unha Universidade pública de calidade, e que están atados só por ese interese. As decisións económicas correspóndenlle ó Rector, non ós Vicerrectores. Explica cómo a organización proposta pode elimina-la posibilidade de hábitos clientelares.

O profesor Rodríguez matiza o papel dos Rectores das Universidades galegas fronte as taxas, coincidente en que debe ser como máximo a do IPC. O Rector pode delegar no Vicerrector que considere máis axeitado para as xuntanzas do Consello Universitario de Galicia.

A profesora Alonso Escontrela pregunta a Domingo Docampo que dado que o Claustro acordou solicitar para o campus de Pontevedra a titulación de Educación Física, se vai loitar por que se conceda esa titulación. Tamén pregunta pola transformación do modelo institucional de formación do profesorado no senso de creación da Facultade. Pregunta pola compatibilidade Aimen - Vicerrectorado e ós profesores Tojo e Mato sobre accións previstas para o desenvolvemento do V Programa Marco para que a Universidade de Vigo estea colocada no contexto europeo. Ó profesor Rocha cales son as liñas xerais do próximo presuposto e os cambios máis significativos. Ó profesor Mato se a Universidade precisa de política universitaria.

O profesor Docampo afirma que vai defender tódolos acordos do Claustro. A creación da Facultade parécelle unha aspiración xusta, que cecáis non sexa precisa en Ourense.

O profesor Merino remítese a súa explicación previa sobre o AIMEN, centro de innovación tecnolóxica creado polo MEC e non aprecia ningún tipo de incompatibilidade sendo órgano encargado de relacións empresa - universidade. Afirma que o AIMEN foi o principal cliente externo do CACTI.

O profesor Mato indica que a creación de grupos multidisciplinares

O profesor Tojo afirma que o AIMEN factura e compite co CACTI, e que o profesor Merino é o conselleiro-delegado, polo que como Vicerrector de transferencia de tecnoloxía atopárase en conflito, non querendo entrar en se existe compatibilidade coa dedicación exclusiva, que tería que ter sido solicitada ó Rector. Di tamén que o profesor Mato descoñece o V Programa Marco, e explica o mesmo e as estratexias que propón.

O profesor Mato de la Iglesia explica a relación dos presupostos co plano estratéxico, facendo referencia ó programa electoral.

A profesora Alonso Escontrela pregunta ó candidato Docampo a postura sobre o campus de Pontevedra, estimando preocupante o manifestado sobre o traslado de Filoloxía Galega que ela estima con enfoque unilateral.

O profesor Docampo comparte a preocupación polo campus de Pontevedra, e indica que vai asumir tódolos acordos do campus. Explica a situación de Filoloxía Galega no Campus de Pontevedra e propón a conversión de Pontevedra na sede permanente dos cursos complementarios, postura que xa foi compartida polo actual Rector.

O profesor Rodríguez intervén por alusións e fala de cursos de verán e cursos complementarios, e indica que cando el é tachado de escurantismo, afirma que se atopa abraiado polo oscurantismo do profesor Merino.

O Sr. Alvarez Conde pregunta ós candidatos Docampo e Corbacho se, de saíren elixidos, van actuar de xeito cobarde en temas como o Consello no ámbito de Transportes ou nas taxas, de xeito aproveitado e clientelista lembrando os cartos investidos ata en faroles e coartando a liberdade dos alumnos.

O profesor Docampo asume a tarefa de interlocución e indica que ten a mesma postura de que xa se falara en taxas. Sobre o aproveitamento de éxitos alleos, indica que é preciso reconece-la participación e non apuntarse, por exemplo o Vicerrector de Investigación os méritos dos investigadores. Sobre o clientelismo e a falta de liberdade indica o seu compromiso total polo funcionamento democrático.

O profesor Corbacho indica que cómpre acadar unha mellora das relacións coas institucións e coa empresa, que van ser interlocutores. En canto as taxas, sulíña que o razoable é que a suba sexa a do IPC. Indica que non xogan ó clientelismo e se manifesta en contra das coaccións.

O profesor Santos explica a postura nas reivindicacións fronte ás institucións, empresas e taxas. Fronte ó clientelismos, propón unha formación integral.

O profesor Rodríguez solicita intervir por alusións e propón ter oportunidade de se defenderen, pedindo o amparo da Mesa do Claustro para que se lle permita non quedar indefenso.

Tras deliberación, a Mesa acorda por unanimidade que non hai indefensión e que non houbo alusións directas, e tamén que se vai interpretar como alusión cando haxa referencia concreta a persoa polo cargo que ocupa. O acordo comunícaselle primeiro ós candidatos e faise unha chamada para que a sesión se desenvolva con normalidade.

O Presidente da Mesa fai consta-lo pesar polo pasamento da compañeira dun membro deste Claustro.

O Sr. Álvarez Moreira pregunta ós tres candidatos que medidas van tomar respecto ós membros do PDI e do PAS que incumpren horarios, e sobre qué servizo de inspección van crear. Ós candidatos a Vicerrector de Estudiantes qué medidas van tomar para impulsa-las Delegacións e qué partidas presupostarias van existir, e cómo se vai aumenta-la participación do estudiantado. Sobre o chamado fracaso escolar, qué porcentaxe creen que é debido ós docentes, se se vai facer inspección sobre liñas de investigación para pecha-las non productivas.

O profesor Rodríguez indica que o Servizo de Inspección crearase canto antes. Tamén indica que é difícil castiga-lo incumprimento cando hai inhibición da Comisión de Docencia. En canto ós estudantes, manifesta que é precisa a participación.

O profesor Berrocal explica as canles para tramita-las denuncias por incumprimento.

O profesor Tojo explica a temática dos proxectos de investigación e as liñas de investigación.

O Xerente contesta no apartado de PAS.

O profesor Corbacho fala da formación do profesorado, do papel dos Centros no control do mesmo e do papel dos Directores de Departamento. Fala dos Servizos de Inspección e do control da docencia e dos cambios de quenda.

O profesor Santos fala do papel das Delegacións de Alumnos no programa presentado. Tamén fala da formación complementaria.

O profesor Docampo manifesta que o cumprimento en xeral pode cualificarse como bo, pero que é preciso de tódolos xeitos monta-lo Servizo de Inspección. En canto a partidas presupostarias, indica que as decisións dependerán da programación plurianual e os criterios serán democráticos e transparentes. En canto ás liñas de investigación, indica que as improproductivas non acadan financiamento.

O Sr. Álvarez Moreira congratulase de que os candidatos recoñezan que parte do fracaso escolar é debido á inutilidade de docentes e pregunta qué porcentaxe do devandito fracaso é achacable ós docentes. Pregunta polas Delegacións e Asociacións.

O profesor Pou fala de feitos en canto ás Delegacións, en canto ás inversións feitas. Tamén fala do papel das Delegacións e Asociacións.

A profesora Becerra intervéen sobre o fracaso escolar, indicando que existe fonda preocupación polo tema e que no programa de Renovación Universitaria hai recollidas respostas, entre elas suliña as encamiñadas a mellora-la capacitación pedagóxica do profesorado. En canto a porcentaxes de responsabilidade, indica que non é posible calculalos.

O profesor Santos fala do apoio institucional ás Delegacións, e da igualdade de oportunidades.

O profesor Docampo coincide coa profesora Becerra en canto á imposibilidade de establecer porcentaxes de responsabilidade e indica que hai dificultades especialmente notables para os profesores xoves, suliñando que é preciso atacar tódolos síntomas do problema para acadar solucións.

O profesor Arias Moreira pregunta ó candidato Docampo unicamente ó considerar que é onde está o futuro desta Universidade. Fala de problemas de estilo no goberno da Universidade, dun determinado xeito de usa-las maiorías, e pregunta ó profesor Docampo, ó que lle manifesta que vai ser Rector, se vai andar na procura da participación de tódolos membros da comunidade universitaria.

O profesor Docampo comparte a idea de participación e indica que xa se leva preparando para iso, e que a súa intención é a de escoitar e a de acadar consensos.

O profesor Legido intervéen no sentido de clarexa-la composición e o modo de elección das Comisións.

Hai réplica e contrarréplica do profesor Rodríguez.

Por alusións, intervéen o profesor Surís lendo as cartas a que fixo referencia na súa intervención da mañá, e suliñando que non foran contestadas.

O profesor Barreiro Alonso intervéen preguntando ó profesor Docampo se vai segui-los acordos do Claustro, se vai continuar co que decidiu o equipo do profesor Rodríguez, se non se poderán cambiar solicitudes de titulacións, ou construción de edificios. Pregunta tamén polo edificio de Informática. Pregunta ós tres candidatos si estiman lóxico que non se poida elixir ó Presidente do Consello de Campus.

O profesor Docampo resposta que haberá que retoma-la programación plurianual e explica os avatares que seguiu a mesma. Tamén indica que o Presidente do Consello de Campus será o Rector caso de saír elixido.

O profesor Rodríguez indica que os Estatutos son claros ó respecto do Presidente do Consello de Campus e explica o previsto nos mesmos.

O profesor Corbacho explica o previsto nos Estatutos e fala da falta de funcionamento do Consello de Campus.

O profesor Barreiro pregunta ó candidato Docampo en qué puntos habería desacordo entre o Consello de Campus e a programación plurianual e tamén sobre o edificio de Informática e sobre Residencias.

O profesor Docampo explica que a programación plurianual non está aprobada e explica as súas propostas, que servirán como proposta para ser debatida no Claustro e está seguro de que haberá edificio para Informática.

O Sr. Bernal Conde pregunta ó candidato Docampo xa que se fala de calidade se se van a implantar servicios de traducción, aula de idiomas e outros. Tamén se se vai mante-la estrutura e dotación das Delegacións. Ós tres candidatos pregúntalles se hai compromiso de potencia-los bolseiros referidos no artigo 173.2 dos Estatutos, sobre a convocatoria de decembro e sobre horarios de biblioteca.

O profesor Docampo resposta e acepta a creación do Servicio de Traducción, non só ós apuntes, e como saída ós titulados de Traducción e Interpretación. Sobre as Delegacións, fomentarse a autoxestión sempre con transparencia e participación de tódolos estudantes. Comprométese a potenciar as bolsas referidas. En canto ás convocatorias, fala do posible desfase dalgunha delas na nova estrutura cuatrimestral, e que será preciso debatelas.

O profesor Rodríguez fala do Regulamento de Estudiantes que está a estudiarse no Claustro. Fala de horarios de biblioteca, e o profesor Legido intervén ó respecto das convocatorias de exames e o profesor Tojo sobre bolsas.

O profesor Santos indica que no programa hai resposta para a convocatoria de decembro, e explica as bolsas a que fixo referencia o interpelante. Sobre ampliación de horarios de biblioteca, indica que será tamén preciso pedir a outras institucións que fagan o mesmo. En canto ó problema de decembro indica que está relacionado cos planos de estudio e coa avaliación curricular. Ó respecto do Regulamento de Estudiantes indica que é un documento que será preciso consensuar.

Na réplica Sr. Bernal Conde pregunta ó profesor Docampo sobre o artigo 172, 3b dos Estatutos.

O profesor Docampo explica a súa postura sobre o tema.

O profesor Bravo Bernárdez pregunta ó candidato Rodríguez sobre a creación da Facultade de Química, indicando que esta creación foi aprobada na Xunta de Facultade de Ciencias e está recollida na programación plurianual, e si houbo cambio de criterio estima que debería comunicarse á Facultade, facendo unha crítica do sentido excesivamente patrimonialista da Universidade.

O profesor Rodríguez ofrece que a Xunta de Facultade ou de Sección reconsidere o tema, e indica que deu a súa opinión ó respecto, indicando tamén que a programación plurianual rexeitouse. Comprométese, caso de saír reelixido, a permitir a reconsideración da Xunta de Facultade e explica que xa non hai separación física.

O profesor Bravo indica que non é o mesmo a opinión persoal do Rector, e que a postura semellaba distinta hai pouco. O profesor Rodríguez contesta.

A profesora De Miguel Villegas pregunta á candidatura de Alternativa Universitaria sobre os deslindes de competencias entre os Vicerrectorados, e se os xefes de área e directores de área son a mesma cousa, ou se precisa debate previo para decidilo. Pregunta quen van participar nas xuntanzas

e as razóns para non cohesionar entre o primeiro nivel e o segundo. Ó profesor Remesal pregúntalle polo custo de rebaixa-lo número de alumnos por grupo. Á candidatura de Rodríguez pregúntalle porqué non negociaron con Vitrasa e porqué foron camorristas e permitiron que o ruído universitario se transformara en cataclismo.

O profesor Docampo explica os deslindes de competencias e os procesos.

O profesor Remesal recorda o previsto nos Estatutos sobre número de alumnos, falando dunha redución que irá na liña de mellora-la calidade da docencia.

O profesor Rodríguez explica brevemente a súa posición ó respecto.

A profesora De Miguel pregunta de novo ó profesor Docampo, indicándolle que de saír elixido non vai dirixir unha república bananeira e ten que clarexa-las funcións.

O profesor Docampo indica que as funcións están tan claras que son diamantinas e están reflectidas nos Estatutos. As xefaturas de área asígnanse temporalmente, e tamén están claras.

O profesor Díaz de Bustamante queixase ás tres candidaturas por ter convertido estas eleccións nunhas primarias, e manifesta como reflexión persoal que algo se ten perdido co peche de listas para o Claustro. Indica que solicitou sinaturas para que no Claustro se tratase o tema da rede de datos en Torrecedeira, pero que o punto nunca foi tratado, xa que o Rector dixo na Mesa do Claustro que o tema estaba xa resolto. O Vicerrector de Investigación tamén dixo que o tema estaba arranxado. Houbo 64 persoas que asinaron unha petición ó Vicerrector de Investigación que nunca foi contestada. E manifesta que se a conexión establécese a través de rede IRIS, é só para investigación.

O profesor Rodríguez indica que non ten tódolos datos diante.

O profesor Tojo indica que pensou que non había moita demanda e pide desculpas, explicando a continuación datos técnicos, indicando que a situación non é caótica. Da, así mesmo, datos de ocupación da rede.

O profesor Díaz de Bustamante indica que se a rede non vai, é menos utilizada ou se usan modems.

O profesor Tojo discrepa dos datos de velocidade aportados polo interpelante.

O profesor Durany Castrillo manifesta o sentido do seu voto favorable a Alternativa Universitaria, e pide o voto para a mesma. Indica que os programas son semellantes pero que a credibilidade é maior que a do equipo xa coñecido, facendo eloxios do candidato e do seu equipo.

O profesor Rodríguez indica que ó non haber preguntas non hai respostas, pero que a campaña electoral xa rematara.

O profesor Corbacho indica que non hai personalismos e que se hai diferencias nas propostas e suliña algunhas diferencias. Tamén existen, ó seu xuízo, diferencias en talante e en meditación.

O profesor Espada Recarey clarexa o tema do edificio de Ciencias e o plano parcial de ordenamento do Campus, indicando o estado legal das distintas parcelas e as intervencións dos distintos profesionais que interviron na súa execución. Sobre a nova convocatoria do Claustro indica

que as actas do pasado Claustro están sen aprobar e quedaron preguntas sin rcontestar e rogos, e que é incorrecto que non houbera unha convocatoria para pechar eses asuntos. Tamén suliña o baixo número de Catedráticos. Indica que Xunta de Goberno e Claustro están por enriba dos Departamentos e que poderían evita-lo autodidactismo. Pregunta se o Claustro debe estar por enriba dos Departamentos e fai unha chamada ó consenso sobre puntos clave, indicando que non hai inimigos senón adversarios.

O profesor Rodríguez resposta sobre a ordenación do Campus e sobre as distintas responsabilidades, falando da tala de árbores.

O profesor Legido explica que as Actas serán aprobadas.

O profesor Rodríguez Berrocal intervén ó respecto das Cátedras, indicando que están preocupados polo tema e pensan incentiva-la saída das mesmas.

O profesor Corbacho indica que non foi boa a situación dun Rector que non tivo o respaldo do Claustro e que tivo que actuar segundo a súa habilidade. No tema das cátedras indica que non houbo unha política mais decidida porque estivo supeditado ás horas de docencia. Tamén sería xeneroso cos planos especiais de cátedras.

O profesor Docampo agradece a intervención institucional do profesor Espada e comparte o tema de saída de cátedras para titulacións novas e a xenerosidade coas áreas con futuro. Comparte co profesor Rodríguez Berrocal que é preferible preguntar sobre as cátedras ós Departamentos e que é mellor incentivar que impoñer.

O profesor Espada fala de novo da planificación, indicando que a primeira cumpriu tódolos trámites e foi aprobada, e reitera tamén que o actual Claustro non pode aproba-las actas doutro Claustro no que non participara o 50% dos actuais membros.

O profesor Legido reitera que non hai problema sobre a aprobación das actas.

O profesor Esparza Torres indica que se diversificaron bastante os programas. Pregunta ó profesor Rodríguez se só hai un modelo para os próximos catro anos.

O profesor Rodríguez explica brevemente o seu modelo e as diferencias co resto.

O Secretario da Mesa da lectura á proposta presentada (anexo V) e ó acordo da Mesa sobre a mesma. Na toma do devandito acordo non participou o Presidente en funcións a iniciativa propia, e a Mesa considera que non debe tratarse por non estar na orde do día e que só cabe lela.

E, sin máis intervencións levántase a sesión ata a apertura das furnas.

O día 27 de maio de 1998, tralo remate dos debates e en horario de 10.00 a 13.00, realízase a votación para a "Elección a Rector".

Unha vez efecutado o escrutinio, o resultado é o seguinte:

-votos emitidos: 247

-D. Domingo Docampo Amoedo...	126 votos
-D. José Antonio Rodríguez Vázquez...	93 votos
-D. Eusebio Corbachos Rosas...	21 votos
-brancos...	5
-nulos...	2

Polo tanto, acadada a maioría absoluta polo candidato D. Domingo Docampo Amoedo, proclámase como Excmo. Sr. Rector Magfco. da Universidade de Vigo, e consonte ó artigo 95 dos Estatutos e o 29 do Regulamento de Réxime Interno do claustro, levántase acta e diríxese pola canle regulamentaria ó Organo competente da Xunta de Galicia.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15.00 día 27 de maio de 1998, da que eu como Secretario da Mesa dou fe, co vº e pr. do Presidente.

O Presidente suplente

O Secretario Suplente,

Antón García Fernández

Manuel J. Reigosa Roger